

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 21 de decembro de 2020, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se modifica a Resolución do 13 de decembro de 2019, pola que se convoca concurso oposición para o ingreso nas categorías de médico/a de urxencias hospitalarias e médico/a asistencial do 061.

Advertido un erro na publicación da citada resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 256, do 22 de decembro de 2020, procédese a substituír o texto publicado polo seguinte:

«O Decreto 161/2018, do 5 de decembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2018 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 239, do 17 de decembro), e o Decreto 30/2019, do 14 de marzo, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2019 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 62, do 29 de marzo), autorizaron a convocatoria de sesenta e nove (69) prazas da categoría de médico/a de urxencias hospitalarias e tres (3) da categoría de médico/a asistencial do 061.

Mediante a Resolución do 13 de decembro de 2019, da Dirección Xeral de Recursos Humanos (*Diario Oficial de Galicia* núm. 246, do 27 de decembro), convocouse concurso oposición para o ingreso en tales categorías.

O Decreto 220/2020, do 3 de decembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2020 (*Diario Oficial de Galicia* número 254, do 18 de decembro, modificado segundo a corrección de erros publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 255, do 21 de decembro), autoriza a convocatoria de vinte (20) novas prazas da categoría de médico/a de urxencias hospitalarias e sete (7) da categoría de médico/a asistencial do 061.

En consecuencia, non tendo sido publicada a relación de aspirantes admitidos/as nas citadas probas, razóns organizativas, asistenciais e de eficiencia na xestión dos procesos de selección fan oportuna a tramitación dun único proceso e ampliar o número de prazas convocadas coas resultantes da aprobación do Decreto da oferta de emprego público para o ano 2020.

En virtude do exposto, este centro directivo, logo do seu tratamento na Mesa Sectorial de Negociación e no uso das competencias que lle atribúe o artigo 18.1.c) do Decre-



to 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde (*Diario Oficial de Galicia* núm. 208, do 31 de outubro),

RESOLVE:

Primeiro. Modificar o anexo da Resolución do 13 de decembro de 2019, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se convoca concurso oposición para o ingreso nas categorías de médico/a de urxencias hospitalarias e médico/a asistencial do 061 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 246, do 27 de decembro).

O número de prazas que se convoca neste proceso selectivo é o que se indica no anexo desta resolución, coa expresión diferenciada das prazas polo seu sistema de acceso.

Segundo. Reabrir o prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* para a presentación de solicitudes de participación neste proceso.

As persoas aspirantes que tivesen presentado a solicitude de participación neste proceso no prazo de inscrición comprendido entre o 28 de decembro de 2019 e o 31 de xaneiro de 2020, non terán que presentar nova instancia de participación nin achegar ningunha documentación.

Aquelas persoas aspirantes que tiveran presentado a solicitude de participación neste proceso no prazo de inscrición comprendido entre o 28 de decembro de 2019 e o 31 de xaneiro de 2020 e desexen modificar a quenda de acceso poderán efectualo mediante a formalización a través de Fides/expedient-e dunha nova solicitude de participación, que deixará sen efecto a inicialmente presentada e na cal se detallará a nova quenda solicitada.

Esta solicitude, unha vez confirmada electronicamente, deberá ser presentada dentro do prazo de presentación de solicitudes, por rexistro electrónico, de forma presencial no Rexistro Xeral dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, ou a través de calquera dos procedementos do artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, xunto coa documentación exixida, segundo o suposto na base 2.5 da resolución de convocatoria do proceso.

Terceiro. As bases, os programas das probas selectivas, exercicios, baremos, procedemento e prazo de acreditación de méritos para este proceso serán os aprobados pola



Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 13 de decembro de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 246, do 27 de decembro).

Os requisitos de participación no proceso deberán reunirse dentro do prazo de presentación de solicitudes e manterse no momento da toma de posesión como persoal estatutario fixo.

Os méritos que se terán en conta na fase de concurso serán os recollidos no anexo IV da resolución de convocatoria e valoraranse con referencia ao día inmediatamente anterior ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, é dicir, o 26 de decembro de 2019.

Cuarto. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante esta dirección, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente na xurisdición contencioso-administrativa nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2020

Ana María Comesaña Álvarez
Directora xeral de Recursos Humanos

ANEXO

Prazas e titulación

Categoría	Grupo	Subgrupo	Acceso libre	Promoción interna	Reserva discapacidade	Total	Titulación
Médico/a de urxencias hospitalarias	A	A1	62	22	5	89	Graduado/licenciado en Medicina e calquera título de médico/a especialista expedido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou a certificación prevista no artigo 3 do Real decreto 853/1993, do 4 de xuño, sobre exercicio das funcións de médico de medicina xeral no Sistema Nacional de Saúde
Médico/a asistencial do 061	A	A1	6	3	1	10	Graduado/licenciado en Medicina e o título oficial da especialidade de medicina familiar e comunitaria ou a certificación prevista no artigo 3 do Real decreto 853/1993, do 4 de xuño, sobre exercicio das funcións de médico de medicina xeral no Sistema Nacional de Saúde»

